

### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. Cal é o significado da palabra nocello?:

- A) Noz de tamaño pequeno.
- B) Substancia empregada para curar.
- C) Zona da perna onde esta se articula co pé.
- D) Pata dun animal, de unllas fortes, curvas e afiadas.

2. Seleccione o emparellamento incorrecto:

- A) Guantes: Luvas.
- B) Turno: Quenda.
- C) Susodicho: Devandito.
- D) Inyección: Inxeción.

3. O óso do brazo que vai desde o ombreiro ao cóbado denomínase:

- A) Humeiro.
- B) Húmero.
- C) Úmero.
- D) Umeiro.

4. Indique a palabra correcta en galego:

- A) Setentrional.
- B) Inscrición.
- C) Recepción.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Segundo o dicionario da Real Academia Galega, a disciplina e método polos que se pretende investigar e tratar certos trastornos mentais grazas á análise da actividade psíquica inconsciente denomínase:

- A) Psicoanálisis.
- B) Psicoanálise.
- C) Psicaanálise.
- D) Psicanálise.

6. Cal das seguintes palabras é de xénero masculino?:

- A) Labor.
- B) Paisaxe.
- C) Análise.
- D) Orixe.

7. Indique o plural correcto en galego:

- A) Papeis.
- B) Ollomoles.
- C) Animais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Indique a palabra correcta en galego:

- A) Radiografar.
- B) Ciruxiá.
- C) Enfermedade.
- D) Aiuno.

9. Indique a serie de formas verbais correcta:

- A) Saín, saliches, saliu.
- B) Saín, saístes, saliu.
- C) Saín, saíches, saíu.
- D) Saín, saístes, saíu.

10. Sinale o infinitivo incorrecto:

- A) Cair.
- B) Durmir.
- C) Sentir.
- D) Rir.

#### Preguntas de reserva

1. Segundo o dicionario da Real Academia Galega, o conxunto de vértebras dispostas en fila e articuladas entre si, que forma o eixe do esqueleto dos animais vertebrados denomínase:

- A) Carrelo.
- B) Espiñazo.
- C) Columna vertebral.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

2. Sinale a forma correcta de pór en galego a frase en castelán: "A nosotros también nos echaron fuera de la sala"

- A) A nós tamén nos botaron fora da sá.
- B) A nós tamén nos botaron fóra da sala.
- C) A nos tamén nos botaron fóra da sá.
- D) A nós tamén nos botaron fora da sala.